

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 15 DE NOVEMBRO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de adaptación ao plan de baixa IMD mellorada da PO-234, no concello de Ponte Caldelas.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos antigos da estrada autonómica AC-550, a prol do Concello de Porto do Son.
- Decreto polo que se declara a urxente ocupación para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos que se concretan no expediente do proxecto integrado centro Vialia estación de Vigo (fase 1) e terminal de autobuses, aprobado como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan de renovación do equipamento mobiliario da Administración de xustiza en Galicia.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteprojecto de decreto polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos e o seu rexistro, e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que atribúe á Axencia de Turismo de Galicia o exercicio das facultades para a execución material dos plans e programas relacionados co Xacobeo 2021, aos que se refire a Disposición adicional octoxésimo sétima da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, asignados á Comunidade Autónoma de Galicia por parte do Consello Xacobeo na súa reunión do 9 de abril de 2018.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre o Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións do Consorcio Local dos Peares.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación de escorremento en terraplén na estrada LU-722 p.q. 31 + 500, por unha contía de sesenta e nove mil sesenta e tres euros con setenta e nove céntimos de euro (69.063,79€).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre as resolucións das dúas convocatorias de subvencións do ano 2018 para a creación, posta en marcha e consolidación de unidades mixtas de investigación.
- Informe sobre a Circular de boas prácticas para a apertura de estacións de servizo realizada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) e pola Comisión Galega da Competencia.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe relativo ás axudas concedidas pola Consellería de Política Social ao abeiro da Orde do 22 de setembro de 2017 (DOG n.º 186, do 29 de setembro) pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para conceder subvencións destinadas a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS DA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE MELLORA NA ESTRADA AUTONÓMICA PO-234, ENTRE PONTE CALDELAS E LAXOSO, CUN INVESTIMENTO DE CASE 650.000 EUROS

- *Para esta actuación é necesaria a expropiación de 74 leiras, engadíndose ao orzamento preto de 30.000 € para o pagamento dos terreos aos seus titulares*
- *Nas vindeiras semanas a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas para, a continuación, licitar as obras*
- *O proxecto prevé a actuación no tramo dos 2,16 quilómetros máis próximos á cidade de Pontevedra, que discorre polo Concello de Ponte Caldelas*
- *A intervención define a ampliación da calzada ata os 7 metros de largo, así como pequenas rectificacións de trazado e execución de cunetas de seguridade*
- *A Xunta dividiu en 3 fases este proxecto e iniciouse polo tramo Augasantas-Portasouto, porque o Concello de Cerdedo-Cotobade puxo a disposición da Xunta os terreos e non foi preciso tramitar as expropiacións*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta prevé redactar o vindeiro ano o proxecto do tramo Laxoso- Portasouto, co que se completará a actuación*
- *O Executivo autonómico mantén a firme aposta por reforzar a seguridade viaria e por mellorar a mobilidade dos veciños de Ponte Caldelas e Cerdedo-Cotobade*
- *Con estas actuacións o Goberno galego segue a impulsar a mellora da seguridade viaria, que redundan na mellora da calidade de vida da cidadanía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola segunda fase das obras de mellora na estrada PO- 234, entre Ponte Caldelas e Laxoso, no concello de Ponte Caldelas

O orzamento estimado da nova intervención impulsada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ascende a preto de 650.000 euros, aos que se engaden 30.000 euros para o pagamento das expropiacións das 74 leiras necesarias para esta actuación. Nas vindeiras semanas está previsto o levantamento de actas previas para, a continuación, licitar as obras.

A intervención aprobada hoxe polo Executivo autonómico persegue mellorar a seguridade vial e a calidade de vida da cidadanía, cun importante efecto positivo sobre o medio socioeconómico e humano.

O proxecto prevé a actuación no tramo dos 2,16 quilómetros máis próximos á cidade de Pontevedra, que discorre polo concello de Ponte Caldelas, desde o final da travesía de Ponte Caldelas, no punto quilométrico 0 + 420, ata a entrada da travesía de Laxoso, no punto quilométrico 2 + 580.

Esta actuación define a ampliación da calzada, que actualmente ten entre 5 e 5,5 metros, ata acadar un largo de 7 metros, e pequenas rectificacións de trazado. Ademais executaranse cunetas tendidas de seguridade nos tramos en que se precisen, aproximadamente nuns 1,6 quilómetros da estrada.

### **Antecedentes**

Co obxectivo de avanzar no proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-234 que conecta Ponte Caldelas e Augasantas, nos concellos de Ponte Caldelas e Cerdedo-Cotobade, a Xunta dividiuno en 3 fases.

Deste xeito iniciou os traballos no tramo situado en Cerdedo-Cotobade, entre Augasantas e Portasouto, que xa está a disposición dos veciños desde este verán. As obras comezaron nesta parte da estrada autonómica porque o Concello de Cerdedo-Cotobade puxo a disposición da Xunta os terreos necesarios para a súa execución, e non foi necesario tramitar o proceso expropiatorio.

En canto á intervención aprobada hoxe polo Consello da Xunta no tramo da estrada autonómica entre Ponte Caldelas e Laxoso, é preciso este trámite expropiatorio, superado o proceso de información pública e a aprobación do proxecto de construción neste treito da estrada autonómica PO-234, unha vez que o municipio trasladou a imposibilidade de contar cos terreos. Para a execución das obras tamén está prevista a sinatura dun convenio coa Administración local, que cofinanciará a obra con 40.000 euros.



Estas dúas actuacións serán completadas polo departamento de Infraestruturas da Xunta coa redacción do proxecto da terceira fase, que permitirá executar as obras de mellora no último tramo de 1,5 km entre Laxoso- Portasouto. É dicir, acadarase o acondicionamento completo desta estrada autonómica.

O Executivo autonómico amosa así a súa firme aposta por reforzar a seguridade viaria e por mellorar a mobilidade dos veciños de Ponte Caldelas e Cerdedo-Cotobade e dar resposta ao que demandan os cidadáns.

O Goberno galego segue a impulsar actuacións de mellora da seguridade viaria que redundan na mellora da calidade de vida da cidadanía.

A continuación amósase un plano coa zona de intervención:





Comunicación da Xunta de Galicia  
 San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
 Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
 Correo-e: comunicacion@xunta.gal



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
 DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
 "Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
 "O FSE inviste no teu futuro"

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE PORTO DO SON DE CATORCE TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-550, CEE-RIBEIRA

- *Trátase dunha serie de tramos en desuso, resultado das obras realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a reforma e mellora do trazado desta vía no seu percorrido polo termo municipal*
- *O Executivo autonómico considera a cesión destes tramos sen funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de maior interese para o concello, co obxecto de destinalos a fins de uso xeral ou servizo público de competencia local*
- *A Xunta reserva para si a titularidade doutros 10 treitos solicitados polo concello, ao non reuniren as condicións para seren transferidos por razón de seguridade viaria*
- *O concello poderá actuar sobre os elementos que se transfiren, co cal quedan sen aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*
- *A entrega da estrada formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no DOG, mediante a sinatura da acta de entrega*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello de Porto do Son de 14 treitos antigos da estrada autonómica AC-550, que comunica Cee e Ribeira.

O Concello de Porto do Son manifestou ao departamento de Infraestruturas da Xunta o seu interese polo cambio de titularidade de 24 tramos antigos deste vial autonómico, entre os puntos quilométricos 77 + 750 e 98 + 330 que se corresponden cunha serie de tramos en desuso, resultado das obras realizadas polo Goberno galego para a reforma e mellora do trazado desta vía no seu percorrido polo termo municipal

De acordo co informe emitido polos servizos competentes da Xunta, a maior parte dos treitos solicitados compren coas condicións necesarias para seren transferidos ao Concello.

En concreto, hoxe o Consello da Xunta acordou a transferencia dun total de 14 tramos, que se corresponden cos seguintes puntos quilométricos na estrada AC-550: 77+940 a 77+990, 78+070 a 78+310, 79+570 a 79+680, 81+910 a 82+050, 82+460 a 82+720, 84+210 a 84+350, 86+190 a 86+260, 90+900 a 91+010, 91+560 a 91+700, 91+710 a 91+860, 92+360 a 92+530, 92+530 a 93+040, 96+960 a 97+160 e 97+170 a 97+600.

Trátanse de terreos de dominio público viario que xa non están afectados ao uso público xeral. O Executivo autonómico entende que resulta do maior interese para o Concello de Porto do Son a cesión destes tramos antigos sen funcionalidade dentro da

---

rede autonómica de estradas, co obxecto de destinalos a fins de uso xeral ou servizo público de competencia local.

A Xunta reserva para si, non obstante, a titularidade doutros 10 treitos solicitados tamén polo concello coruñés, por seren clasificados como sobrelargo da estrada AC-550 e non reunir as condicións necesarias para seren transferidos por razón de seguridade viaria da estrada autonómica.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos que estean incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas.

Co cambio de titularidade acordado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello poderá actuar sobre os elementos que se transfiren, que pasarán a ser de titularidade municipal. Deste xeito, quedarán sen aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como, por exemplo, as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou accesos, e reducirá as cargas administrativas sobre os cidadáns das zonas polas que discorre.

A entrega da estrada formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da acta de entrega.



## O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A URXENTE OCUPACIÓN DA SUPERFICIE NECESARIA PARA EXECUTAR A TERMINAL DE AUTOBUSES INTEGRADA NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO

- *A Xunta posibilita que a Administración local poida axilizar o procedemento para a obtención dos terreos necesarios para a construción da terminal de autobuses, que levará a cabo o Executivo autonómico, e desenvolver os accesos á intermodal*
- *Este acordo do Goberno galego permite dar viabilidade a este proxecto de excepcional interese para a cidade de Vigo e a Comunidade autónoma*
- *Os proxectos básicos das estacións e o proxecto de trazado dos accesos están xa rematados, e ultimándose a redacción dos proxectos construtivos*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará este ano as obras da terminal de autobuses e cofinanciará os accesos, cun investimento duns 15,8 M€*
- *O obxectivo do Goberno galego é materializar a intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas, que permitan aos usuarios un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte*

O Consello da Xunta declarou hoxe a urxente ocupación da superficie necesaria para executar a terminal de autobuses integrada na estación Intermodal de Vigo, aprobado mediante decreto como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

A Xunta posibilita que o Concello de Vigo, como Administración expropiante, poida axilizar as expropiacións, segundo o previsto na Lei de expropiación forzosa para a obtención dos terreos necesarios para a construción da terminal de autobuses, que acometerá o Goberno galego, e o desenvolvemento dos accesos.

Con este acordo, o Goberno galego segue a amosar a súa determinación para dar viabilidade a este proxecto de excepcional interese para a cidade de Vigo e a Comunidade autónoma.

Anteriormente, coa aprobación do proxecto da intermodal no Consello da Xunta do pasado 4 de outubro, o Goberno galego deu o impulso definitivo para licitar este mesmo ano as obras da nova estación de autobuses, cofinanciando os accesos e posibilitou o inicio da execución do Centro Vialia, cun orzamento autonómico de preto de 15,8 millóns de euros.

Os proxectos básicos das estacións e o proxecto de trazado dos accesos están xa rematados, e estase ultimando a redacción dos proxectos construtivos.

Cómpre lembrar tamén que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten adiantado o proceso que permitirá axilizar a contratación das obras da nova estación de



autobuses intermodal de Vigo, coa publicación no Diario Oficial da Unión Europea do anuncio previo da licitación das obras da terminal de autobuses para reducir a 15 días naturais a duración do período de contratación.

A Xunta mantén o cumprimento do compromiso adquirido no convenio de colaboración asinado pola Xunta, o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento, a través de Adif, para o cofinanciamento dos accesos da estación intermodal e do centro Vialia, cun investimento conxunto de máis de 10,7 millóns de euros.

O obxectivo do Goberno galego é materializar a intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas, que permitan aos usuarios un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

### **Antecedentes**

O Executivo autonómico desbloqueou a intermodal de Vigo e promoveu o seu avance a pesar de que o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo fora anulado en 2015, promovendo a tramitación do proxecto a través da Lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese da Comunidade.

O 2 de febreiro de 2017, ADIF-Alta Velocidad solicita que se proceda ao inicio da tramitación do proxecto integrado centro Vialia estación de Vigo e terminal de autobuses segundo o procedemento previsto na citada Lei 3/2016.

Logo de acordar o inicio da tramitación do proxecto integrado polo procedemento previsto na Lei 3/2016 pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o Concello de Vigo someteu a información pública o proxecto mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 3 de marzo de 2017.

Posteriormente, o Concello de Vigo, como Administración expropiante, someteu a información pública a relación de bens e dereitos afectados polo dito proxecto no BOP de Pontevedra do 8 de marzo de 2017.

Unha vez rematado por parte do Ministerio de Fomento o encaixe técnico dos accesos no proxecto conxunto que integra a estación de autobuses, a de ferrocarril e o Centro Vialia, e emitido o informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo, o Consello da Xunta culminou o pasado 4 de outubro a súa tramitación como unha única actuación a través da Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.

---

## **A XUNTA DESTINA PRETO DE 5 MILLÓNS DE EUROS PARA O PLAN DE RENOVACIÓN DO MOBILIARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA**

- *O plan pretende mellorar e modernizar o equipamento dos órganos e servizos xudiciais, sobre todo en mobiliario de despachos, oficinas e arquivos xudiciais*
- *No marco do plan engópanse o TSXG, as Audiencias Provinciais da Coruña, Ourense, Pontevedra e Lugo; xulgados das sete grandes cidades, así como xulgados de distintas vilas galegas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba o Plan de renovación do equipamento mobiliario da Administración de xustiza en Galicia que se executará no período 2019-2021 e que conta cun orzamento de 4,7 millóns de euros.

No ano 2009 a Xunta aprobou Plan de infraestruturas no ámbito da Administración de xustiza para programar as actuacións dos seguintes anos, partindo das necesidades de espazo que requiren as correspondentes proxeccións de crecemento da planta xudicial e tendo en conta especialmente as necesidades de mellora e adaptacións que as sedes xudiciais presentaban.

Este plan é un complemento ao Plan de infraestruturas, e pretende mellorar e modernizar o equipamento mobiliario dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, especialmente en dous ámbitos, o mobiliario de despachos e oficinas e mobiliario para os arquivos xudiciais, mediante a extensión das instalacións de armarios rodantes, pola súa eficiencia en materia de aproveitamento dos espazos dispoñibles. Mediante este plan tamén se atenderán as melloras requiridas pola normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, no que atinxe á custodia e arquivamento da documentación xudicial.

No marco do plan engópanse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, as Audiencias Provinciais da Coruña, Ourense, Pontevedra e Lugo; xulgados da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, así como varios xulgados de distintas vilas galegas.

---

## GALICIA CONTA COA PRIMEIRA CIRCULAR DE BOAS PRÁCTICAS PARA AXILIZAR A APERTURA DE ESTACIÓNS DE SERVIZO E INCREMENTAR A COMPETENCIA NO SECTOR PARA QUE REDUZA O PREZO DOS CARBURANTES

- *A nova guía, elaborada pola Comisión Galega da Competencia e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC), xa foi presentada á Fegamp e será agora remitida a todos os concellos galegos*
- *Establece recomendacións no eido do urbanismo municipal -como que os centros e polígonos industriais poderán incorporar, polo menos, unha gasoleneira- e da Administración autonómica*
- *O Goberno galego dá resposta ao estipulado nesta circular coa aprobación, hoxe no Consello da Xunta do inicio da tramitación dun decreto que refundirá o procedemento integrado para a implantación de estacións de servizo e o de rexistro*
- *O decreto outorgará axilidade e eficiencia aos procedementos e establecerá a comunicación previa como sistema para figurar no rexistro*

Galicia conta coa primeira circular de boas prácticas para a apertura de estacións de servizo que segue as recomendacións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) e da Comisión Galega da Competencia e que ten como obxectivo axilizar a apertura de novas gasoleneiras para incrementar a competencia e reducir os prezos dos carburantes.

A nova guía é froito do compromiso adquirido por ambos os dous organismos tras detectar, no seu informe sobre o mercado dos carburantes de automoción en Galicia, a falta de suficiente competencia no mercado de distribución que provoca que na nosa Comunidade o prezo do combustible sexa maior antes de impostos. Trátase dun sobrecusto que supón perda de poder adquisitivo para as familias e de competitividade para as empresas. Para tratar de atallar esta situación, a Xunta e a CNMC acordaron en xullo desenvolver un protocolo de colaboración que impulsase a competencia no sector e unha das medidas que se puxeron en marcha é esta circular que recolle recomendacións tanto no eido do urbanismo municipal como da Administración autonómica e que buscan eliminar obstáculos á apertura de estacións de servizo.

No ámbito municipal, a circular especifica que os usos do chan para actividades comerciais e industriais son compatibles coa instalación de gasoleneiras; que os centros comerciais e polígonos industriais poderán incorporar, polo menos, unha estación de servizo e que o outorgamento de licenzas municipais para estes establecementos comerciais levará implícita a concesión das que fosen necesarias para a instalación de subministración de produtos petrolíferos. Tamén se recolle a necesidade de resolver os expedientes con celeridade, ter en conta os efectos das decisións no eido urbanístico

sobre a libre competencia e incide en que que a normativa municipal non debe contradicir a Lei do sector de hidrocarburos. Tamén fai fincapé en que a decisión de prohibir a instalación dunha gasoleira haberá de adoptarse cando non existan outras alternativas ou especificando a razón de interese xeral que impide a súa instalación.

No eido autonómico, a Circular recomenda substituír o actual rexistro de estacións de servizo de carácter autorizativo por un declarativo a través da comunicación previa; revisar o procedemento integrado para mellorar o seu funcionamento; refundir nunha soa norma o procedemento integrado e o de rexistro; e extremar a dilixencia na tramitación.

A guía, que xa foi presentada á Fegamp, será agora remitida a todos os concellos galegos para que poñan en marcha estas recomendacións e se facilite a apertura de estacións de servizo, eliminando, deste xeito, todos os obstáculos que se detectaron nos últimos anos.

#### **Novo decreto**

A Xunta dá resposta a todas estas recomendacións co inicio da tramitación do decreto polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos e o seu rexistro, autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

O obxectivo principal é outorgar axilidade e eficiencia aos dous procedementos (integrado e de rexistro). Entre as principais novidades está o establecemento da comunicación previa como sistema para figurar no rexistro, que xa non terá carácter autorizativo.

Rematada a fase inicial de tramitación, o proxecto normativo será sometido aos informes pertinentes da Administración xeral da Comunidade autónoma e da cidadanía antes da súa aprobación definitiva.



## **AS DOAZÓNS PARA O XACOBEO 2021 IMPLICARÁN DESGRAVACIÓNS DO 40% NO IMPOSTO DE SOCIEDADES E DE ATA O 80% NO IRPF**

- *A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, asumirá as facultades para a execución material dos plans e programas relacionados co Xacobeo 2021, encargándose de recibir as doazóns que as empresas e as persoas físicas fagan para o evento*
- *As doazóns deben aplicarse á execución das actuacións aprobadas no marco dos obxectivos e plans aprobados polo Consejo Jacobeo para o vindeiro ano santo*
- *No caso das desgravacións por publicidade, as empresas poderán deducir do imposto de sociedades o 15% dos gastos, aínda que o importe final de dedución non pode exceder o 90% das doazóns realizadas*
- *O programa de beneficios fiscais xa está operativo e permanecerá vixente ata o 30 de setembro de 2021, o que favorecerá un maior alcance para a promoción e organización desta cita transcendental e repercutirá na sustentabilidade do evento*

O Consello da Xunta acaba de atribuírlle á Consellería de Cultura e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, as facultades para a execución material dos plans e programas relacionados co Xacobeo 21. Isto significa que será a encargada de xestionar o evento e executar a programación, de recibir as doazóns das empresas e de particulares; e de ser o órgano responsable da aplicación das doazóns á execución da programación aprobada e da súa supervisión.

Cómpre ter en conta que a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 outorga ao ano santo Xacobeo 2021 a consideración de acontecemento de excepcional interese público. En virtude disto, habilítanse unha serie de beneficios fiscais recollidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Neste contexto, o programa de beneficios fiscais xa está operativo desde o pasado 6 de novembro, tras recibir o visto e prace do Consejo Jacobeo, e estenderase ata o 30 de setembro de 2021. Tomando como marco a Lei 49/2002, cómpre distinguir entre as desgravacións por simple doazón e as desgravacións por publicidade.

No caso da doazón simple, ao tratarse dun evento de excepcional interese, a empresa ten o dereito a desgravar o 40% do imposto de sociedades, un 5% máis con respecto a un evento normal. No caso do IRPF, a desgravación pode chegar ata o 80% se as achegas son de 150 euros ou menos. As doazóns superiores a esa cantidade terán unha desgravación do 35%, un 5% máis con respecto a un evento normal.

### **Desgravación por publicidade**

No caso das desgravacións por publicidade, hai que distinguir se se trata de publicidade esencial (directamente vinculada coa promoción do Xacobeo 21) ou non esencial. No primeiro suposto, as empresas poden deducir da cota íntegra do imposto de sociedades o 15% dos gastos que realicen en propaganda e publicidade. Pero, en todo caso, o importe final da dedución non pode exceder do 90% das doazóns realizadas. Pola súa banda, no suposto de publicidade non esencial, en vez de desgravar o 15% de todo o gasto, tan só se podería desgravar o 15% do 25% do gasto.

Ademais das deducións por doazóns no imposto de sociedades e renda, existe a posibilidade de realizar outro tipo de deducións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, do imposto sobre actividades económicas e dos impostos e taxas locais. Nos tres casos as bonificacións serán do 95%.

### **Proposta de Galicia para facilitar o mecanismo**

Cómpre destacar que, tendo en conta a Lei estatal de orzamentos, sería o Consejo Jacobeo o órgano encargado da execución do programa, de recibir as doazóns das empresas e de velar porque estas doazóns se apliquen á organización dos plans e programas aprobados. Pero nas sucesivas reunións, Galicia defendeu que este procedemento non sería operativo para a xestión deste acontecemento transcendental, e así se lle trasladou tanto ao ministerio de Facenda como ao de Cultura.

Neste sentido, e por proposta da Comunidade galega, finalmente desbloqueouse esta situación e aceptouse a posibilidade de designar unha entidade en cada comunidade autónoma para realizar este labor.

A xustificación da elección da Axencia de Turismo de Galicia para levar a cabo este labor fundaméntase no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a propia axencia e se aproban os seus estatutos. No artigo 9 atribúe a este órgano a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago. Ademais, a Axencia de Turismo de Galicia é a entidade que asumiu as competencias, funcións e persoal que tiña a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.

---

Así mesmo, a organización do último acontecemento de excepcional interese a nivel de Galicia, o VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela, permítelle ter a experiencia previa necesaria para a súa xestión.

### **Obxectivos do Consello Xacobeo para o ano santo**

Todas as doazóns que se reciban deben aplicarse á execución dos obxectivos e plans aprobados pola Comisión Executiva do Consello Xacobeo o pasado 6 de novembro, que son os seguintes: destacar a riqueza cultural, natural e humana do Camiño de Santiago; invitar ao diálogo arredor deste grande Itinerario Cultural Europeo; promover o patrimonio cultural xacobeo como fonte de inspiración para a creación artística contemporánea; impulsar o desenvolvemento das áreas rurais do Camiño de Santiago; e fomentar o coñecemento do patrimonio relacionado co Camiño de Santiago, particularmente entre os máis mozos.

Tendo en conta estes obxectivos, os plans de actividades estruturaranse arredor de catro eixes, que son os seguintes: Plan de dinamización cultural, Plan de dinamización turística e acollida ao visitante, Plan de investigación e Plan de Patrimonio e legado.

## A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DO PLAN ESPECIAL DO CONSORCIO DOS PEARES CO FIN DE PROTEXER OS VALORES AMBIENTAIS E PAISAXÍSTICOS DA ZONA POLA VÍA DA REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN

- *O Consello da Xunta dá o visto e praxe ao acordo polo que se aproba inicialmente este proxecto, un instrumento de vangarda que por primeira vez abrangue dúas provincias distintas e catro concellos*
- *O obxectivo é protexer un ámbito territorial de 350 hectáreas de notables valores paisaxísticos e ambientais, ao tempo que se pon en valor o seu carácter tradicional pola vía da rehabilitación e a conservación do xa construído*
- *No plan especial prevese a realización de proxectos de mellora para o sistema viario de enlace, como o que vai desde Os Peares a Ambasmestas, ou o que une Os Peares-A Granxa con núcleos situados ao carón da estación do tren*
- *Outras actuacións recollidas no documento son a reurbanización do ámbito da estación de ferrocarril ou a urbanización da beira fluvial do río Búbal para a súa adecuación como zona verde*
- *Este proxecto de urbanización terá efectos positivos na mobilidade, no espazo público e nos servizos existentes, ofrecendo coherencia á disposición de puntos de recollida de lixo, o soterramento das instalacións, á pavimentación ou a disposición dunha mínima e necesaria moblaxe urbana*

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións do consorcio local dos Peares, que prevé a execución de distintas actuacións co obxectivo de protexer e velar polos valores paisaxísticos, ambientais e tradicionais dos catro concellos que integran este organismo: Pantón e Carballedo, na provincia de Lugo, e A Peroxa e Nogueira de Ramuín, na de Ourense.

Así se desprende do documento que foi aprobado inicialmente pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e que agora comeza o trámite de información pública, un período de dous meses co que o Goberno galego pretende garantir que todas as administracións públicas e persoas interesadas poidan intervir activamente no procedemento e favorecer a participación.

A Consellería de Medio Ambiente, en colaboración co Consorcio Local dos Peares, redactou este plan especial, un instrumento de vangarda, xa que, por primeira vez abrangue dúas provincias distintas e catro concellos de excepcionais valores ambientais e paisaxísticos. Dado o seu privilexiado enclave, búscase preservar e protexer os ditos valores -así como poñer de relevo o seu carácter tradicional-, cunha actuación respectuosa co ambiente onde priman as actuacións de rehabilitación do patrimonio construído, promovendo a súa mellora, conservación e rehabilitación das edificacións existentes.



Para lograr estes obxectivos, o plan pretende actuar como unha guía para a mellora das condicións estéticas, de uso e habitabilidade, establecendo as pautas de crecemento sustentable máis adecuadas e contribuíndo deste xeito a facer máis atractivo e interesante para os investidores privados todo o ámbito territorial ao que se refire.

Así mesmo, o Plan especial establece unha ordenación congruente cos catro instrumentos de planeamento xeral vixentes en cada un dos concellos que abrangue, sen alterar a clasificación do solo nin incrementar as posibilidades edificatorias, e establecendo á vez determinacións para a protección e integración ambiental e paisaxística.

Nese sentido, define as áreas de protección dos núcleos e as condicións de edificación e rehabilitación para que se manteñan as características paisaxísticas, que son as que lle confiren a súa singular idiosincrasia tradicional.

### **Proxectos de urbanización**

O Plan especial, que abrangue unha superficie de 350 hectáreas, concéntrase en manter as condicións ambientais dos núcleos, pero tamén prevé varios proxectos de urbanización para mellorar as condicións dos espazos públicos, así como o sistema viario interno que articule e fixe dotacións e equipamentos. Eses proxectos terán efectos positivos na mobilidade, no espazo público e nos servizos existentes, mellorando a súa calidade.

A modo de exemplo, prevese a realización de proxectos de mellora para o viario de enlace, como a vía que vai desde Os Peares a Ambasmestas, o que enlaza Os Peares-A Granxa cos núcleos -chamados Peares- situados a carón da estación do tren, ou o que vai dende Casdaviil ata a estrada que dá acceso á parcela dotacional na que se sitúa o centro de saúde e a pista polideportiva. Tamén se prevé a reurbanización do ámbito da estación de ferrocarril, a integración ambiental e paisaxística da nova ponte sobre o río Miño, incluíndo os enlaces viarios nas dúas ribeiras, así como a urbanización do enlace entre a igrexa de Nosa Señora do Pilar e a ponte do ferrocarril e da beira fluvial do río Búbal, para a súa adecuación como zona verde.

Nos proxectos trataranse aspectos que relacionan os núcleos de Casdemoure- A Regueira, O Vao, A Granxa, Os Peares, Casdaviil, Soutelo, O Torrón, O Mesón, O Coitelo e Ambasmestas coa súa contorna e cos servizos, como a disposición dos puntos de recollida de lixo, analizando a posibilidade de soterralos; a localización de posibles paradas de autobús; o soterramento das instalacións; a pavimentación; a dotación de aparcadoiros; ou a disposición dunha mínima e necesaria moblaxe urbana.

En definitiva, o plan prevé todo un conxunto de intervencións de mellora ambiental e adecuación de espazos públicos, así como proxectos de mantemento e de rehabilitación nos conxuntos xa edificados, para os que se buscará implicar tamén a iniciativa privada.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS OBRAS DE EMERXENCIA PARA REPARAR O TREITO DA ESTRADA LU-722 EN NAVIA DE SUARNA AFECTADO POR UN TEMPORAL DE CHOIVA

- *Os traballos teñen por finalidade reparar os danos causados polo escorremento do terraplén da plataforma da estrada*
- *O importe desta actuación do departamento de infraestruturas da Xunta ascende a case 70.000 euros, e dispón dun prazo de execución dun mes*
- *A intervención vén motivada polo colapso provocado polas choivas do 15 de outubro, que derrubaron o muro de cachotaría que sustiña a plataforma na marxe esquerda desta estrada, sentido de circulación Navia de Suarna-Río Rao*
- *Os traballos que se van realizar inclúen a execución dun muro de coios para o sostemento da plataforma e a reposición de firme e sistemas de contencións*

O Consello da Xunta autorizou hoxe as obras de emerxencia para reparar o treito da estrada LU-722 no concello de Navia de Suarna afectado por un temporal de choiva.

Segundo recolle a declaración de emerxencia, os traballos teñen por finalidade reparar os danos causados polo escorremento do terraplén da plataforma desta estrada LU-722, Becerreá (N-VI)- Ponte do río Rao, no punto quilométrico 31 + 500, ao seu paso polo concello lucense.

O importe desta actuación do departamento de infraestruturas da Xunta ascende a case 70.000 euros, e o prazo para a súa execución estímase que se prolongará durante un mes.

A intervención aprobada hoxe polo Executivo autonómico faise necesaria polo colapso e derrubamento do muro de cachotaría que sustiña a plataforma na marxe esquerda da estrada LU-722, no sentido de circulación Navia de Suarna-Río Rao, a causa das intensas choivas rexistradas o pasado día 15 de outubro.

Os traballos que se van realizar inclúen a execución dun muro de coios para o sostemento da plataforma e a reposición de firme e sistemas de contencións.

Máis en concreto, segundo o proxecto definido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, as obras nesta estrada autonómica comezarán pola retirada de todo o material deslizado, para continuar coa construción dun muro de coios de 20 metros de lonxitude para a contención do terraplén, xa que o perfil transversal do terreo así o demanda. Tamén se prevé a reposición de recheo de terras e do firme, así como do sistema de contención de vehículos.

## **GALICIA MOBILIZA MÁIS DE 20 M€ EN NOVE UNIDADES MIXTAS NAS QUE CENTROS DE COÑECEMENTO E EMPRESAS COLABORAN PARA IMPULSAR A I+D+i**

- *A quinta edición deste programa da Xunta apoia a creación de cinco novas iniciativas e a consolidación doutras catro nos sectores da automoción, naval, aeronáutico, biotecnolóxico, forestal e metalúrxico*
- *Cunha achega pública de 6 millóns de euros, estes proxectos contribuirán á creación ou mantemento de 133 postos de traballo de alta cualificación*
- *Desde a súa creación, este programa permitiu a posta en marcha de 39 unidades mixtas que dan emprego a preto de 580 profesionais e mobilizan 114 millóns de euros*
- *A actuación permitiu que un total de 28 grandes empresas como Navantia, Finsa, Roche Farma, Esteve, GKN, Borgwarner, Repsol, Telefónica ou Grupo Copo invistan no ecosistema galego de innovación*

A Xunta vén de resolver a quinta edición do programa de Unidades Mixtas de Investigación (UMI), que, con axudas de 6 millóns de euros, permitirá mobilizar máis de 20 millóns entre investimento público e privado en nove centros de innovación nos cales colaborarán empresas e organismos de coñecemento.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, estes proxectos, dos cales cinco son de nova creación e catro de consolidación de iniciativas xa existentes, centraranse nos sectores da automoción, naval, aeronáutico, biotecnolóxico, forestal e metalúrxico, e contribuirán á creación ou mantemento de 133 postos de traballo de alta cualificación.

Así, nas UMI de nova creación, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, colaborarán Navantia e Aimen, que buscarán novos materiais e sistemas automatizados para fabricación avanzada. Pola súa banda, Everis e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) cooperarán no ámbito da xestión do tráfico aéreo; mentres que Finsa e a Universidade de Santiago de Compostela innovarán no desenvolvemento de modelos de economía circular vinculada ao sector forestal. Ademais, o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) e Grupo Antolín avanzarán nunha nova xeración de interiores de vehículos ante os futuros retos da mobilidade. Tamén poñerán en marcha unha nova unidade mixta de investigación: o centro tecnolóxico Aimen e ArcelorMittal, que desenvolverán tecnoloxías facilitadoras para a fabricación de produtos de aceiro.

Ademais, tamén se conceden axudas para a consolidación de iniciativas xa en marcha grazas a este programa, nas que colaboran Cetaqua Galicia e Viaqua, coa creación do



Centro de innovación galego de sistemas avanzados de tratamento de auga (CIGAT); Navantia e a Universidade da Coruña, que traballan no estaleiro 4.0; CTAG e Viza Automoción, que avanza na fábrica intelixente; e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) xunto con Roche Farma, que traballan na oncoloxía de precisión.

Con esta nova resolución, o programa de Unidades Mixtas de Investigación, que se desenvolve no marco da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), permitiu a constitución de 39 Unidades Mixtas (31 de nova creación e 8 de consolidación). Grazas a axudas da Axencia Galega de Innovación (GAIN) por máis de 34 millóns de euros, móbilízanse 114 millóns de euros e contribúese á creación ou consolidación de 580 empregos.

Desde a posta en marcha desta iniciativa en 2014, logrouse que 28 empresas líderes do seu sector de dentro e de fóra de Galicia, entre as que se atopan compañías como Navantia, Finsa, Roche Farma, Esteve, GKN, Borgwarner, Repsol, Telefónica ou Grupo Copo, apostasen por investir no ecosistema galego de innovación, creando equipos de investigación nos que cooperan con 13 organismos de investigación galegos.

Así, co programa impulsado pola Xunta foméntase a atracción de capital privado á I+D+i galega e poténciase a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación en Galicia. As unidades mixtas de investigación son un instrumento favorecedor da cooperación entre organismos de investigación e o tecido empresarial para levar a cabo de forma conxunta e coordinada actividades de investigación, innovación e desenvolvemento.

Esta actuación ten como fins a mellora da competitividade das empresas galegas, incentivando a transferencia de resultados da I+D+i ao mercado; a creación de emprego cualificado; e o fomento das capacidades dos organismos de investigación da Comunidade.

## **A XUNTA DISTRIBUÍU 11,4 MILLÓNS DE EUROS NO 2017 ENTRE ENTIDADES SOCIAIS CON CARGO Á ASIGNACIÓN TRIBUTARIA DO 0,7% DO IRPF**

- *Puxéronse en marcha 200 programas impulsados por 55 colectivos para mellorar a atención aos nosos maiores, para impulsar a inclusión social e para desenvolver iniciativas en materia de xuventude e de atención á infancia*
- *Na convocatoria deste ano, a contía aumenta ata superar os 12,5 millóns de euros*

A Xunta de Galicia distribuíu máis de 11,4 millóns de euros no 2017 entre as entidades do terceiro sector de acción social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). O Goberno galego analizou en Consello hoxe a distribución realizada con esta contía coa que se subvencionaron 200 programas sociais impulsados por 55 colectivos que operan na nosa Comunidade.

Co total destes fondos, máis de 400.000 euros canalizáronse a través da área de igualdade, 450.000 mediante a de sanidade, e 10,5 millóns de euros xestionounos o departamento de Política Social. Desta maneira, dos 200 programas financiados con estas axudas, a maior parte, en concreto 81, teñen como obxectivo impulsar a inclusión social; 69 deseñáronse para mellorar a atención aos nosos maiores; 29 inscríbense en materia de xuventude; e 21 corresponden a iniciativas de atención á infancia. Así mesmo, ás entidades concedéronselles anticipos do 100% da contía asignada a cada unha, para que dispuxesen de liquidez para poñer en marcha os seus programas. Ademais, dispoñen dun prazo amplo, ata o 15 de febreiro de 2019, para xustificar os gastos das actuacións.

Para ilustrar o tipo de iniciativas que se desenvolveron, a modo de exemplo pódese sinalar a ONG Accem, que con estes fondos mellorou a atención ás mulleres migrantes máis vulnerables e a persoas en situación de exclusión social; Cáritas España, que desenvolveu varias iniciativas de urxencia e de inclusión sociolaboral; Cruz Vermella, que financiou programas de atención ás persoas sen fogar e mellorou a atención que presta aos maiores en situación de dependencia, tanto en centros de día como nos seus domicilios; e Fademga Plena Inclusión Galicia, que canalizou estes fondos ao apoio das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias.

### **Nova convocatoria**

Por outro lado, a Administración autonómica xa ten activada a convocatoria correspondente a 2018, que presenta diversas novidades. Mentres ás axudas de 2017 só podían beneficiarse as entidades do terceiro sector de acción social que xa recibiran axuda o ano anterior, este ano as asignacións concederanse en réxime de concorrencia competitiva. Deste xeito, as achegas estarán abertas a todas as entidades que queiran realizar un programa coherente cos obxectivos da iniciativa, polo tanto, as súas

---

propostas valoraranse segundo un baremo. Neste sentido, os técnicos da Xunta xa están a analizar as solicitudes recibidas, pois o prazo para presentalas rematou o 5 de novembro.

Cómpre destacar que o Goberno galego, con esta nova convocatoria, procura dar resposta a eixos principais de actuación como a loita contra a violencia de xénero e o fomento da igualdade. Tamén para poñer en marcha plans para a asistencia a maiores, persoas con discapacidade, infancia e mocidade, así como desenvolver programas de prevención, redución do dano, atención integral e incorporación social no ámbito das persoas con trastornos adictivos.